

II XORNADAS

*O talento
feminino
SUMA*



24 de setembro

- Conferencias
- Mesa redonda
- Formación: *Elevator Pitch*

23 de outubro

- Presenta o teu talento

Universidade de Vigo

Área de Emprego
e Emprendemento

Vicerreitoría de
Comunicación e
Relacións Institucionais

II XORNADAS

O talento
feminino
SUMA



24 de setembro
· Conferencias
· Mesa redonda
· Formación:
Elevator Pitch

23 de outubro
· Presenta o
teu talento

Universidade de Vigo

Datas e lugar

1.ª Xornada. Muller e mercado laboral: loitando contra as desigualdades

24 de setembro de 2019

10.00-14.00 h Sesión de mañá

Conferencia e mesa redonda
Sala I do Edificio Miralles. Campus de Vigo

15.30-19.30 h Sesión de tarde

Obradoiro *Elevator Pitch*

Salas I e IV do Edificio Miralles. Campus de Vigo

2.ª Xornada. Presenta o teu talento

23 de outubro de 2019

13.00-15.30 h Sesión de *Elevator Pitch*

Instituto Feiral de Vigo. IFEVI

(durante a celebración da Finde.U, Feira Internacional de Emprego)

1º xornada. 24 de setembro

SESIÓN DA MAÑÁ

Sala I do Edificio Miralles

Muller e mercado laboral: loitando contra as desigualdades

Persoas destinatarias: estudantes e persoas tituladas, PAS e PDI da Universidade de Vigo, así como persoal dos departamentos de recursos humanos das empresas

10.00-10.15 h Recollida de documentación

10.15-10.30 h Presentación da xornada

- Natalia Caparrini. Vicerreitora de Captación, Estudantes e Extensión Universitaria

10.30-11.45 h Conferencia inaugural

Segregación por razón de xénero no mercado laboral: causas e consecuencias

- Coral del Río. Catedrática de Universidade no Departamento de Economía Aplicada da Universidade de Vigo. Doutora en Economía pola Universidad Carlos III de Madrid. Na actualidade é a coordinadora do grupo de investigación de referencia competitiva da UVigo, ECOSOT (Economía, Sociedade e Territorio); forma parte da rede EQUALITAS e pertence ao Consello Editorial de Feminist Economics (Revista da International Association for Feminist Economics, IAFFE). Foi a primeira directora da Área de Igualdade da Universidade de Vigo. En 2016 foi galardoada co "IV Premio de Igualdade Ernestina Otero Sestelo", outorgado polo Concello de Vigo.

11.45-12.15 h Descanso

12.15-14.00 h Mesa redonda

Loitando contra as desigualdades: programas de emprego e emprendemento para mulleres

- Modera: Carla Reyes Uschinsky. Presidenta de Executivas de Galicia.
- Representante da Secretaría Xeral de Igualdade. Xunta de Galicia.
- Rosalía Romaris. Asesora Servizo Creación e Consolidación de Empresa. Fundación Mujeres. Delegación Galicia.
- Carmen Fernández-Valdés. Orientadora Laboral. Deputación de Pontevedra.

SESIÓN DA TARDE

Salas I e IV do Edificio Miralles

Persoas destinatarias: mulleres estudantes ou tituladas da Universidade de Vigo que asistisen á sesión da mañá.

15.30-19.30 h *Elevator pitch: quen es en 90 segundos*

Parte teórica

Número de prazas: 40 (2 grupos de 20 persoas)

Contidos

- As miñas competencias. A miña proposta de valor. O meu obxectivo profesional.

- Deseño da imaxe de marca persoal: comunicación e presentación persoal.

- Como facer *networking* (presencial e virtual). O uso das redes sociais.

Profesorado

- 2 Comunicadoras con experiencia docente (en colaboración con IESIDE).

Solicítouse recoñecemento por 6 horas a aquelas persoas que asistan ao obradoiro sobre *Elevator Pitch* e presenten o seu Talento no IFEVI o 23 de outubro.

2º xornada. 23 de outubro

IFEVI (No marco da Finde.U, Feira Internacional de Emprego)

13.00-15.30 h *Presenta o teu talento*

Contido

- As participantes no obradoiro da 1.ª xornada terán a oportunidade de expor o seu propio *elevator pitch* ante responsables de RR HH das empresas participantes na Finde.U e ante un xurado.

Premios: unha xornada de mentoría en empresa cunha executiva asociada a Executivas de Galicia:

- Ao *pitch* máis orixinal

- Ao mellor *pitch*

Mentres o xurado delibera, servírase unha comida informal (*brunch*) que facilitará o *networking* entre as participantes e representantes das empresas expositoras na Feira Internacional de Emprego.